



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA

LABORAL

LOITA
polo TEU

ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 738 Semana do 10 ao 16 de xullo de 2017

ASÍ LLO TRASLADAN AO CONSELLEIRO DE ECONOMÍA

UGT, XUNTO COS OUTROS SINDICATOS E EMPRESARIOS, APOSTAN POR OUTRO MODELO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO



Redacción.- UGT-Galicia, xunto con CCOO e CIG e a CEG, veñen de enviarlle ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria unha carta na que solicitan unha xuntanza co titular do Departamento autonómico e lle trasladan a súa preocupación con respecto á formación para o emprego.

Os axentes sociais coinciden na necesidade de modificar substancialmente o actual modelo e a próxima convocatoria de formación para as persoas traballadoras ocupadas, adaptando ambos ás circunstancias da nosa Comunidade autónoma.

UGT-Galicia, xunto co resto dos axentes sociais, consideran a formación para o emprego un eixo vertebrador no desenvolvemento da vida económica, industrial e social e un instrumento esencial para garantir a formación ao longo da vida.

Ademais, esta é básica para a mellora da empregabilidade e a necesaria adaptación dos traballadores e das empresas ás actuais demandas da sociedade a aos posibles cambios de procesos produtivos.

Dende UGT considérase que, precisamente, son as persoas traballadoras, os seus representantes e as empresas os que mellor coñecen a situación actual e evolución do tecido produtivo e das súas necesidades.

A necesidade e urxencia de cambio do actual modelo de formación para o emprego en Galicia, así como, da convocatoria de subvencións para o financiamento dos plans de formación, radica nos seguintes argumentos:

A necesidade de incrementar a cualificación da poboación activa, xestionar as transicións e ofrecer novas oportunidades a persoas sen emprego, así como, actualizar e desenvolver as competencias dos traballadores ocupados.

Trátase de evitar a obsolescencia das súas competencias e preparamos para os cambios no mercado de traballo e a utilización das novas tecnoloxías. Deste xeito, facilitarase a mellora da competitividade das empresas e o mantemento e crecemento do emprego e da súa calidade.

Os axentes sociais tamén coinciden na necesidade de apostar por unha formación para o emprego que apoie ás pemes e aos traballadores con máis dificultades de acceso ao emprego.

Neste contexto, hai que garantir o carácter finalista dos fondos de formación. Que a formación para o emprego conte cun financiamento suficiente.

Tamén hai que garantir que non existan períodos temporais sen convocatorias de plans de formación.

Por último, os axentes sociais demandan que se regule a súa participación na gobernanza do sistema, na detección de necesidades, na planificación e no seguimento e avaliación da formación para o emprego.

Urxe este cambio porque o actual modelo de formación para o emprego non garante a calidade da formación nin a súa viabilidade e continuidade para satisfacer as demandas do tecido produtivo, a mellora da competitividade e de cualificación ao longo da vida das persoas traballadoras.

NOVAMENTE UGT DÁ UN PASO FIRME E SEGURO ASINANDO O PREACORDO COAS PATRONAIS DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS DE GALICIA

A firma do acordo coa Xunta e o preacordo asinado coa patronal ratifica o compromiso serio de UGT e o avance das melloras sociais no transporte de viaxeiros por estrada en Galicia

Redacción.- O día 12 pechouse un preacordo coa patronal do transporte de viaxeiros por estrada de Galicia, ratificado na mañá do día 13 polos traballadores nas distintas asembleas celebradas en Galicia.

O acordo, -obtido coa intermediación do Consello Galego de Relacións Laborais previa solicitude das tres centrais sindicais e subscrito polos responsables de UGT na mesa, Miguel Angel Reboiras Casais e Beatriz Meilán do Río-, supón o desbloqueo dun conflito que suscitou unha folga iniciada o pasado día 20 de xuño.

Dúas eran as reivindicacións: a negociación dos convenios do sector por parte da patronal nas catro provincias galegas e asegurar as garantías de emprego para os traballadores do sector no plan de transporte de viaxeiros da Xunta.

A retirada do Plan da Xunta demostrouse insalvable, o Goberno de Galicia decidiu seguir adiante con el, a pesar das duras críticas suscitadas polo mesmo en todos os ámbitos, tras a publicación no DOG o pasado 7 de xullo co que supoñía o inicio dos prazos administrativos necesarios para a final concesión das liñas afectadas. UGT non o apoiou por considerar que non

dota das solucións que necesita Galicia para articular o transporte de viaxeiros na nosa Comunidade pero, ademais, e, sobre todo, porque supoñía un grave risco para o mantemento do emprego e as súas condicións de traballo no sector.

Para paliar isto, o 10 de xullo UGT asinou xunto con CCOO e sen o apoio da CIG un acordo coa Consellería de Infraestruturas e Vivenda que blinda a subrogación dos traballadores afectados e as súas condicións laborais, que ademais incorpora cláusulas con melloras sociais nos pregos do Plan que supoñen practicamente o cento por cento do solicitado polos traballadores.

Por outra banda, o acordo subscrito o mércores coas federacións de transporte e as tres centrais sindicais supón a apertura da negociación para a revisión das táboas salariais para os catro convenios colectivos galegos, partindo dun mínimo do 2% a partir de hoxe. Desenvolveranse as negociacións en comisións provinciais que se reunirán semanalmente, concluíndose eses avances nunha reunión da Mesa galega coa mesma periodicidade, que será a encargada de ratificar e impulsar os mesmos,



reservándose a capacidade de reactivar a folga no caso de que ditas negociacións non alcancen as reivindicacións dos traballadores para esta materia.

Os acordos asinados por UGT non só posibilitan o desbloqueo do conflito que tiña sumida a Galicia nun caos, por afectar a un sector vital tanto para a convivencia social como para o desenvolvemento e avance económico da nosa Comunidade. Posibilita, ademais, un escenario máis favorable para afrontar o reto de negociacións futuras de cara ao que supoñerá a implantación do futuro Plan Xeral de Mobilidade de Galicia para o 2019, tanto para o Goberno como para as empresas e traballadores.

NOVA XORNADA DE FOLGA NO METAL DE A CORUÑA CUN SEGUIMENTO MASIVO

Redacción.- Onte foi a quinta xornada de folga protagonizada practicamente polo cen por cento dos traballadores do sector do metal da provincia de A Coruña. Ás portas están convocadas outras dúas xornadas, os días 20 e 27, no caso de que non se consiga ratificar antes un acordo.

Lembrar que esta convocatoria, realizada por UGT, CCOO e CIG, afecta aos máis de 18.000 traballadores do sector na provincia.

Dende UGT-FICA instan á patronal a que cambie de actitude e poña fin ao inmovilismo, os bloqueos e os vetos na negociación dun convenio que xa caducou no 2014.

Foi a patronal a que rompeu, presentando unha última oferta que apenas variaba da anterior. Unha proposta que só incluía como novidade unha mellora na

suba salarial, ata un 5,6 por cento acumulado en catro anos, e a posibilidade de rear unha comisión sobre as auxiliares do naval coa finalidade de poder incorporar melloras no convenio máis adiante.

Esa última oferta, sen embargo, seguía sen propoñer melloras en temas como a fiscalización das mutuas, a limitación das contratacións de empregados a través de empresas de traballo temporal (ETT), as subrogacións e os complementos salariais para os traballadores que saen a fóra ou que permanecen en guardias localizadas, todos eles asuntos que a parte sindical considera "vitais" para mellorar a situación dos profesionais do sector.

As xornadas de folga estiveron acompañadas de mobilizacións que contaron



cun importante respaldo que anima a continuar coa presión ata pechar un acordo.

Chegou a hora de ratificar un convenio que retome os dereitos perdidos con tantos anos de parálise e recortes.

UGT-FICA pídelles aos empresarios que se abran a falar de todo e que non poñan tantas liñas vermellas que imposibilitan o acordo.

MÁIS DE 30.000 TRABALLADORES CUBERTOS

ASINADO O CONVENIO DO METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Redacción.- O pasado mércores tivo lugar a sinatura do convenio do metal da provincia de Pontevedra que sentará as bases das condicións sociolaborais dos máis de 30.000 traballadores que o sector ten na provincia.

Lembrar que foi na madrugada do pasado día 6 cando UGT, CCOO e a parte empresarial pecharon o preacordo que este mércores foi ratificado e convertido xa en Convenio colectivo.

Foron varios meses de negociación, dende comezos de ano, unha vez caducado o anterior convenio a finais de decembro de 2016, e ata de mobilizacións nas últimas semanas que desembocaron no acordo ratificado.

Neste senso, dende UGT-FICA faise fincapé en que este acordo é posible grazas ás mostras de apoio dos traballadores do metal da provincia de Pontevedra en todos aqueles actos de protesta convocados polos sindicatos no seu momento para amosar o desacordo coa estratexia empresarial de ir dilatando a negociación.

O acordo garante, como mínimo, un incremento dun 4,5 por cento para os próximos tres anos



Dende o Sindicato aclárase que o acordo despexa o horizonte dos próximos tres anos garantindo o poder adquisitivo dos traballadores afectados.

Concretando os puntos do convenio, este establece:

Unha vixencia de tres aos (2017-2019).

Incremento salarial de: 2% para 2017 (con efecto retroactivo); 1,25% para 2018; e 1,25% para 2019.

Revisión salarial. No caso de que o IPC real a final de ano superase un 2% en 2017 e un 1,25% en 2018 e en 2019.

Inclusión no ámbito funcional do convenio das empresas multiservizos que actúen no sector.

Melloras en licenzas e desprazamentos (preferencia para non desprazarse a mulleres embarazadas, traballador@s en permiso de lactación e vítimas de violencia de xénero).

Finalmente, UGT-FICA cualifica este como un bo acordo, a pesar de que outros se dedicasen a desprestixialo ao mesmo tempo que serán os primeiros en beneficiarse das melloras que recolle, sobre todo, a recuperación da cláusula de revisión salarial, despois de dous convenios nos que non se recollía. Isto permitirá que os traballadores non teñan perdas de poder adquisitivo. Outra das melloras máis significativas é a referencia ás empresas multiservizos, un claro expoñente de precarización das condicións laborais que trouxo a reforma laboral do PP.

EN CONXUNTO OBTÉN 26 VOGAIS NAS DENOMINACIÓNS DE ORIXE DE GALICIA

UUAA GAÑA AS ELECCIÓNS AOS CONSELLOS REGULADORES

Redacción.- Unións Agrarias gañou con claridade as eleccións aos consellos reguladores das Denominacións de orixe de Galicia que tiveron lugar esta semana e as que estaban chamados a votar uns 4.000 produtores e produtoras.

UUAA practicamente igualou en número de vogais obtidos a suma das outras candidaturas concorrentes, (26 a 27) e sacou 10 vogais de vantaxe aos resultados da segunda organización Asaga, (26 a 16). Queda por adxudicar un vogal na mesa de Meaño en Rías Baixas, por unha impugnación de UUAA, sobre o que decidirá a Xunta electoral o vindeiro martes 11.

A organización agraria manifesta o seu

agradecemento polo respaldo acadado ao traballo realizado polos vogais da organización nestes catro anos nos consellos reitores das distintas DO e mantén o seu compromiso na defensa dos dereitos e do medio de vida das persoas que traballan no rural e fai un compromiso a administracións e industrias para traballar xuntos pola me-

llora e afianzamento nos mercados dos produtos galegos de calidade.

Lembrar que este proceso afectou aos consellos reguladores de O Cebreiro, San Simón, Arzúa-Ulloa, Tetilla, Grelo, Pataca, Castaña, Ecolóxico, Ribeira Sacra, Montreiri, Ribeiro, Rías Baixas e Valdeorras.



UGT LAMENTA A CONVALIDACIÓN, POR PARTE DO CONGRESO, DO TEITO DE GASTO PARA 2018

O axuste para cumprir o déficit vai volver a recaer nas rendas salariais e as políticas de protección social

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores lamenta a convalidación do teito de gasto para 2018 por parte do Congreso dos Deputados, que sitúa o límite de gasto público en 119.834 millóns de euros para o ano que vén, un 1,3% máis que en 2017.

Con esta decisión, aprobada grazas aos votos do PP, C's, PNV, UPN, Foro Asturias e Coalición Canaria, o Congreso non considera situar os ingresos como obxectivo principal da recuperación fiscal no noso país e relega ás rendas salariais e as políticas de protección social, unha vez máis, como as variables de axuste para o cumprimento dos obxectivos de déficit.

Para UGT, resulta preocupante non aumentar os ingresos e manter, á vez, o cociente de débeda-PIB en 2018 no 97,6% e o 92,5%, máxime se o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) pódese converter en moeda de cambio para sumar apoios parlamentarios.

Manter constantes os ingresos sobre o PIB e reducir débeda e déficit provocan que as políticas de protección social redúzanse a curto prazo 1,2 puntos sobre o PIB en só cinco anos (2015-2020), segundo o último Programa de Estabilidade presentado en abril deste ano.

Políticas erróneas que sofren os máis vulnerables

O Goberno establece unha previsión de crecemento do 3% para este 2017 (3 décimas máis que a previsión realizada tan só hai dous meses). As previsións futuras e os obxectivos de redución de déficit, que acompañan este novo límite de gasto, esconden unha planificación errónea para resolver as necesidades da poboación e terá efectos moi negativos.

Un destes efectos sufriran, en maior medida, os desempregados. Para UGT, non se pode prever un crecemento do emprego obviando a precariedade, porque non é a fiel realidade do mercado de traballo e xe-



ará un resultado perverso sobre os Orzamentos Xerais do Estado. O sindicato considera que o Goberno, para cumprir os obxectivos de déficit á conta de menos gasto, condena á desprotección a moitos colectivos e, en especial, aos desempregados, xa que só o 55% destes cobran algún tipo de prestación. A liberación de gasto que se produce polo menor número de traballadores activos debe servir para incrementar os recursos e manter o poder de compra das pensións.

Ademais, o sindicato considera que a planificación económica deste país non pode descansar sobre un crecemento baseado en baixo custo laboral e bonificacións que non aborban o beneficio empresarial.

Pero o obxectivo do déficit e a rigidez das medidas que levan terá efectos moi negativos tamén no desenvolvemento de políticas sociais das comunidades autónomas e municipios. Afástase aínda máis a posibilidade de atenuar os efectos da desvalorización salarial e precariedade laboral que xa sofre a sociedade española. Segundo os datos de Eurostat, a renda dispoñible bruta per cápita no noso país descendeu un 10,5% en termos reais de 2009 a 2015, a terceira maior caída de toda a UE, tras as rexistradas en Grecia e Chipre.

Un modelo económico equilibrado e sustentable, cun mercado laboral forte

Para UGT, é necesario incrementar o gasto de políticas sociais e actuar sobre os ingresos establecendo un marco recadatorio xusto que grave, en maior medida, a base de beneficio empresarial xerado neste ciclo económico e elimine deducións que non persigan o cumprimento de obxectivos prioritarios e medibles, así como reoriente recursos para a loita contra a fraude e evite medidas normativas que o fomenten. O tratamento unitario das rendas do traballo e do aforro implicaría unha mellor xustiza segundo o nivel de ingresos e non da súa orixe, eliminando deducións menos básicas e a desaparición de elementos regresivos do actual esquema tributario.

Por todo iso, UGT propón o desenvolvemento de políticas que persigan un modelo económico equilibrado e sustentable, con maior innovación e mediante o fortalecemento do mercado laboral. É fundamental actuar onde existan necesidades estruturais: colectivos de maior idade, a incorporación dos mozos sen brechas e o desenvolvemento de forma definitiva e real de medidas que impliquen un maior compromiso en igualdade e conciliación. Unha contratación de calidade, que participe do crecemento económico e non baseada en baixo custo laboral, que a súa evolución positiva permita solucionar as necesidades presentes dos fogares do noso país, consolide unha maior capacidade de financiamento das prestacións futuras e atenúe os efectos dunha crise que nos traballadores e fogares aínda perdura.

AS MULLERES PERCIBEN CASE UN 23% DE SALARIO E 423 EUROS DE PENSIÓN MENOS QUE OS HOMES



Redacción.- A brecha salarial e en pensións entre homes e mulleres continúa sendo alarmante. Os últimos datos revelan que o salario das mulleres foi un 22,9% menor que o dos homes e que a súa pensión media é de 423 euros menos que a dos homes (datos de maio). A brecha de xénero ten solución pero fai falta vontade política. Para combater a discriminación de xénero, UGT insta ao Goberno a cumprir a lei 27/2011 do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema de Seguridade Social, que veu pospoñendo durante 6 anos consecutivos nos PXE e adoptar xa a Resolución do Parlamento Europeo, do pasado 23 de xuño, para corrixir a brecha salarial e en pensións entre mulleres e homes. O sindicato lembra tamén a necesidade de aprobar unha Lei de Igualdade Salarial.

A última Enquisa Anual de Estructura Salarial (con salarios de 2015) recolle que as mulleres percibiron de media 5.941,18 menos que os homes, ou o que é o mesmo o seu salario foi un 22,9% inferior. Os resultados desta Enquisa Anual novamente mostran a necesidade de abordar de forma efectiva a brecha salarial entre mulleres e homes, desde o ámbito institucional a través dunha Lei de Igualdade Salarial.

A brecha salarial redúcese a un ritmo moi lento e perpetúa a brecha en pensións

Aínda que os datos publicados reflicten un lixeiro descenso na brecha dos salarios de mulleres e homes (0,35%), pasando do 23,25% en

2014 ao 22,9% esta diferenza mantense en porcentaxes elevadísimas, con apenas unha redución de 0,35 puntos porcentuais.

O mantemento da brecha salarial nestas porcentaxes implica a perpetuidade da brecha en pensións se non se adopta unha estratexia coordinada que desenvolva medidas dirixidas a combater a brecha entre os salarios de mulleres e homes.

Os últimos datos publicados pola Seguridade Social en materia de pensións, correspondentes ao mes de maio, mostran que a pensión media das mulleres sitúase en torno 711,25 euros, mentres que a dos homes ascende a 1.113,63 euros (case 423 euros de diferenza).

Pero se falamos de xubilación a brecha na pensión media de xubilación percibida por mulleres alcanzou en maio a contía de 778,83 euros, en contraste cos 1.231,87 euros mensuais que recibiron de media os homes. A diferenza entre ambos os sexos, en valores absolutos, é de 453 euros, e a brecha mantense no 36,78% entre as pensións de xubilación de mulleres e homes.

UGT denuncia o sistemático incumprimento por parte do Goberno da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Unha lei que veu pospoñendo durante 6 anos consecutivos nos Orzamentos Xerais do Estado. Así, denuncia o incumprimento en materia de pensións, en relación ao

estudo de medidas correctoras nas carreiras de cotización das mulleres; a insuficiencia das medidas adoptadas en materia de cotizacións de quen traballa a tempo parcial; o incumprimento en materia de pensións de viuvez das que son perceptoras maioritariamente as mulleres, no sentido de incrementar do 52% actual ao 60% da base reguladora do cónxuxe falecido cumprindo determinados requisitos.

España deba adoptar canto antes a Resolución do Parlamento Europeo

Por outra banda, o Parlamento Europeo adoptou o pasado 23 de xuño unha Resolución na que insta á Comisión Europea a que elabore unha Estratexia para poñer fin á brecha de xénero en materia de pensións na Unión Europea; e a que velar pola correcta aplicación das normativas europeas contra a discriminación de xénero (que poden garantir a igualdade entre homes e mulleres en materia de capacidade contributiva ao sistema de pensións).

Na Resolución condénase enerxicamente a brecha de xénero en materia de salarios, que garda relación cos problemas de discriminación e realízase un chamamento a favor dunha revisión da Directiva 2006/54/CE, ao obxecto de conseguir unha maior igualdade de trato entre homes e mulleres no que respecta ao emprego e a remuneración. UGT considera que España debe adoptar canto antes os contidos desta Resolución para corrixir a brecha salarial e a brecha nas pensións entre mulleres e homes.

OS SALARIOS DEBEN GAÑAR PODER DE COMPRA

Redacción.- O Índice de Prezos ao Consumo continúa descendendo ata situarse en xuño no 1,5%, aínda que previsiblemente este descenso deterase ata os meses finais do ano. Por iso, o IPC medio ao longo de 2017 situarase próximo ao 2%. Ademais, a actividade económica crece, por cuarto ano consecutivo e as previsións melloran -o Goberno revisou a súa taxa de crecemento do 2,7% ao 3%-. As empresas, ademais, xa recuperaron o nivel de beneficios que tiñan antes da pasada gran crise e teñen boas expectativas de expansión.

UGT considera que, seguindo esta lóxica, a mellora da economía debería trasladarse a todo o mundo para reforzar o crecemento e a creación de emprego e para que millóns de familias saian da pobreza e a exclusión social.

UGT esixe que é hora de pasar das palabras aos feitos. Se tanto o presidente do Banco Central Europeo (BCE), como a ministra de Emprego e, mesmo, o presidente da CEOE coinciden en que hai que subir os salarios, polo que deberían, por tanto, ac-

tuar en consecuencia, sen confundir á cidadanía.

E, para iso, os salarios teñen que crecer por encima dos prezos, co fin de incrementar o poder de compra das traballadores e traballadores.

Non se trata de que os soldos crezan só nominalmente, nin de que crezan só os máis baixos -que por suposto deberían crecer- senón que os salarios na negociación colectiva crezan de maneira xeneralizada alí onde as empresas van ben (que é xa, afortunadamente, a inmensa maioría de sectores e actividades). E que o salario dos funcionarios creza tamén para recuperar parte do poder de compra perdido desde que se iniciou a pasada gran crise.



Os sindicatos defendemos para a negociación colectiva unha banda de aumento para este ano flexible, que vai do 1,8% ao 3%, para que nas empresas e sectores adápteno ás súas particularidades produtivas e económicas. E sempre cunha cláusula de revisión para que, en todo caso, ningún perda poder de compra. Ademais, as pensións e as prestacións sociais tamén deben aumentar por encima dos prezos, co fin de que a economía creza de forma máis sólida, sustentable e xusta.

A UNIDADE DE ACCIÓN, IMPRESCINDIBLE PARA REPARTIR A RIQUEZA E RECUPERAR DEREITOS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, puxo en valor a unidade de acción con CCOO "para abordar os acordos necesarios con Goberno e empresas co fin de repartir de maneira máis xusta a riqueza e devolver dereitos que se perderon durante estes anos de crises e reformas".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións tras a primeira reunión da Comisión Executiva Confederal de UGT coa nova Comisión Executiva de CCOO, tras a celebración do seu 11º Congreso, unha reunión "cun temario extenso, que continuaremos desenvolvendo, onde puxemos de manifesto que a unidade de acción goza de plena saúde e onde expuxemos a elaboración dun calendario para abordar cuestións de futuro".

Cuestións como o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado (PXE) para 2018 que o Goberno ten que elaborar a partir de setembro. "Este proxecto tense que negociar. Nós imos estar presentes nos procesos de debate porque estes PXE teñen que ser os da repartición da riqueza neste país".

A negociación colectiva de 2017 péchase este mes

Ou cuestións como a situación da negociación colectiva de 2017 que, segundo o secretario xeral de UGT, "péchase este mes con acordo ou se pecha definitivamente. Non se lle pode dar máis tempo".

Neste sentido, sinalou que CEOE "debería aproveitar as súas últimas declaracións públicas e trasladalas á mesa de negociación para chegar a un acordo porque a partir de setembro abordaremos xa a negociación de 2018, nun novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC)".

Pepe Álvarez agradeceu o empeño do Goberno en que patronal e sindicatos cheguen a un acordo en materia salarial pero lembrou que o Executivo "é corresponsable da actual situación nesta materia, xa que coa súa reforma laboral desequilibrou as forzas na negociación". Ademais, "cos empregados públicos non deron un paso para mellorar os seus salarios, por deberían



aterse ás súas declaracións".

É primordial derrogar a reforma laboral de 2012

Unha reforma laboral que, segundo considerou, "é unha prioridade derrogar. Gustaríanos facelo mediante unha negociación co Goberno, co fin de que salga un marco laboral máis produtivo pero ultimamente non hai un clima favorable de diálogo co Executivo que nos permita aventurar acordos".

Ademais, "a patronal non se aviene a falar desta materia, polo que tivemos que trasladar as nosas propostas directamente aos grupos parlamentarios para tentar derrogar a reforma laboral de 2012 directamente no Congreso".

OS COMEDORES ESCOLARES, UNHA MEDIDA DE EMERXENCIA ANTE A AUSENCIA DE POLÍTICAS ADECUADAS CONTRA A POBREZA

Redacción.- O 30,5% dos nenos sofren pobreza relativa (ingresos familiares inferiores a 17.238 euros ao ano) e España é xa o cuarto país da OCDE con maior proporción de nenos residindo en fogares sen emprego, ata un 14%. Un ano máis, os comedores escolares constitúen un recurso imprescindible para garantir polo menos unha comida ao día a moitos menores dunha poboación claramente empobrecida, a pesar da recuperación económica. UGT considera que o necesario Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social debe acometer axudas para mitigar os efectos da falta de ingresos na infancia e establecer medidas non só paliativas, senón preventivas e transversais a todas as institucións e niveis administrativos.

O sindicato defende un marco de dereitos sociais e prestacións económicas, como a Prestación de Ingresos Mínimos, que a pesar de ter o respaldo maioritario dos grupos, está paralizada no Congreso.

Un ano máis, ao terminar o período escolar, o que para algúns nenos significa gozar das vacacións de verán, para outros lamentablemente convértese nun risco vital. Son moitas as familias que sufriron os efectos máis crus dunha crise que non termina e que ven imposibilitados para garantir unha alimentación adecuada aos seus fillos.

Segundo o último informe de Unicef, España é o cuarto país da OCDE con maior proporción de nenos residindo en fogares sen emprego, ata un 14%, só superado por Nova Zelandia, Hungría e Irlanda, países que ningún pertence á nosa contorna europea máis próxima; e estima que o 30,5% dos nenos sofren pobreza relativa no noso país, é dicir, os ingresos da súa familia son inferiores a 17.238 euros/ano, último dato dispoñible do limiar de risco de pobreza dunha familia composta por 2 adultos e 2 nenos en 2015, segundo a Enquisa de Condicións de Vida publicada polo INE. A taxa de risco de pobreza para os menores de 16 anos situouse no 28,9%, sendo 6,6 puntos superior á do conxunto da poboación.

Habilitar o número de prazas dos comedores escolares de verán á demanda

Aínda que as comunidades autónomas, conscientes desta circunstancia, poñen en marcha o servizo de comedores escolares na época estival e desta forma garántese polo menos unha comida aos pequenos en situación de risco de pobreza ou exclusión social, para o noso Sindicato non é suficiente.

Desde UGT valoramos como preocu-

pante a situación daqueles nenos que non poidan acceder ao programa ben por falta de prazas habilitadas nos centros ou ben por non atoparse en idade escolar, negándoselles, por tanto, o poder recibir ese menú escolar como a única comida que realicen ao día. Como se lles está garantindo a súa alimentación? Ademais os programas de comedores escolares só funcionan de luns a venres sen que cubran nin os fins de semana nin os festivos.

Por estas razóns, aínda que estimamos acertada a decisión de abrir os seus comedores durante o verán, é fundamental que os mesmos dispoñan de tantas prazas habilitadas como demanda haxa e que a condición para acceder a estes comedores escolares de verán sexa que os usuarios estean en situación socioeconómica desfavorecida.

Ademais, e para garantir unha cobertura diaria a todos os nenos independentemente da súa idade, deberíanse destinar axudas económicas directas para familias con menores que se atopan en situación de vulnerabilidade para posibilitar unha comida equilibrada en casa e que sexan complementarias cos salarios sociais.

Reivindicamos como unha forma de evitar a posible estigmatización para o neno, por parte da súa contorna social máis próxima polo feito de estar adscrito a este tipo de programas e con iso a súa exclusión social e escolar, a habilitación de programas educativos como poden ser as actividades extraescolares, a similitude de campamentos ou colonias de verán, gratuítos para as familias con problemas económicos, unido á posibilidade de adquirir comida para a fin de semana. Este tipo de programas non só fomenta a garantía de alimentación dos nenos ao longo do día, senón que é unha fonte de creación de postos de traballo para levar a cabo estes programas estivais.

Todos os escolares deberían ter garantido o acceso a uns servizos públicos de apoio necesarios, independentemente da etapa lectiva onde se atopan, como o transporte, para que os nenos poidan acceder a estes programas, e analizar a calidade da alimentación nos comedores escolares e ampliar o acceso aos mesmos.

Medidas para mitigar os efectos da falta de ingresos na infancia

Desde o noso Sindicato consideramos que garantir a alimentación infantil a través dos



comedores escolares, é só unha medida de emerxencia, unha medida puntual como última alternativa ante a ausencia doutras medidas de garantía de alimentos á infancia, pero insuficiente.

É necesario que o futuro Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social, acometa axudas eficaces para as familias para mitigar os efectos da falta de ingresos na infancia, mediante unha verdadeira política social pública establecendo non só medidas paliativas senón tamén preventivas e transversais a todas as institucións e niveis administrativos.

Medidas conxunturais como os comedores escolares son necesarias pero non suficientes. Débense implantar medidas que supoñan cambios estruturais. É necesaria unha política integral de protección á familia, á infancia, medidas máis eficaces e que cheguen a máis destinatarios e de garantía de rendas.

Desde o noso Sindicato estimamos máis conveniente a instauración dunha verdadeira política de garantía de rendas, a cal debe ser unha prioridade para todos os poderes públicos comprometéndose niso todo o conxunto das administracións. O investimento na infancia aínda recae case na súa totalidade nas familias mentres que os rendementos deste investimento repercuten en toda a sociedade.

Para UGT, é fundamental instaurar un marco de dereitos sociais e prestacións económicas a través dun sistema de garantía de rendas mínimas baixo os principios de igualdade e universalidade que garanta que todos os cidadáns que se atopan en situación de necesidade reciban unha prestación económica. Nesta liña atópase a nosa Iniciativa Lexislativa Popular de creación dunha Prestación de Ingresos Mínimos, que garanta uns ingresos adecuados ás persoas que, teñen dispoñibilidade para traballar pero carecen de emprego e duns recursos económicos suficientes para si e, no seu caso, para os familiares ao seu cargo, asegurando unhas condicións mínimas para atender as súas necesidades máis esenciais.

UGT PRESENTA O SEU PLAN DE CHOQUE POLO EMPREGO PARA OS MAIORES DE 50 ANOS AO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTA

Redacción.- A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social, M^a Carmen Barrera, afirmou que UGT aproveitou o encontro que mantiveron co grupo parlamentario socialista para expoñerlles e presentarlles o Plan para maiores de 50 anos, elaborado polo sindicato e que actualmente "estamos a negociar co Goberno, na mesa de diálogo social sobre o Plan de Choque para o Emprego. Son un colectivo que necesita medidas urxentes, posto que o recorte nas súas pensións alcanza ata o 60% e son persoas que están abocadas a unha pobreza inminente".

Así mesmo, neste encontro trasladouse "a preocupación de UGT pola situación do Fondo de Reserva da Seguridade Social". Barrera sinalou que precisamente esta semana celebrárase unha reunión da Comi-

sión de Seguimento do Fondo de Reserva da Seguridade Social, no Ministerio de Emprego, na que UGT expoñerá ao Goberno a súa preocupación polo crédito de 10.200 millóns que introduciu, de maneira unilateral e de costas ao diálogo social. Un crédito incluído no proxecto dos Orzamentos Xerais do Estado e sobre o que o Goberno non deu ningunha explicación aos sindicatos e tampouco expuxo como vai quedar a situación de déficit da Seguridade Social".



Tras a reunión coa executiva do PSOE no Congreso, acordouse establecer grupos de traballo sobre unha axenda común de temas, con asuntos prioritarios como as pensións ou a situación dos desempregados de máis de 50 anos. O obxectivo é dar continuidade a un compromiso de traballo común.

UGT SOLICITA UN CAMBIO DE PROCEDIMENTO NA SELECCIÓN DE PERSOAL DE IBERIA

Redacción.- Ante a sanción, por parte da Inspección de Traballo, á compañía Iberia por esixir un test de embarazo nos procesos de selección de persoal, UGT expón o seguinte:

Unha muller non ten a obrigação de informar previamente á súa contratación sobre un posible embarazo para optar a un posto de traballo.

Iberia debe cambiar o procedemento sobre información de posible embarazo para que este sexa inmediato tras a contratación, nunca antes.

Aclarar que, no caso das compañías aéreas, as empresas deben ser rigorosas coa aplicación dos protocolos de prevención de riscos laborais. Neste sentido, tanto nos colectivos de voo (tripulantes de cabina de pasaxeiros) como en determinados postos de servizo de asistencia en terra (handling), a empresa ten a obrigação de verificar a posibilidade dun embarazo para, no caso de que exista risco derivado do posto de traballo, protexer a integridade da traballadora e do feto mediante a adecuación do posto de traballo ou, mesmo, a concesión dunha baixa médica da que se faría cargo a mutua.

Con todo, este tipo de medidas son de aplicación a traballadoras en activo, que forman parte da compañía. En ningún caso pódese solicitar esta información a unha persoa que aspira a ser traballadora dunha compañía aérea e non existe razón algunha que o xustifique.

En definitiva, UGT censura calquera medida ou solicitude de información que, nun proceso de selección de persoal, poida condicionar as posibilidades do (a) aspirante por razón de xénero. Estaríamos, evidentemente, ante un claro caso de discriminación.

CADA VEZ HAI MÁIS ESPAÑOIS NO EXTERIOR, PERO MENOS PROTEXIDOS

Redacción.- UGT, con motivo do Día Mundial da Poboación, que se celebrou o 11 de xullo, denuncia que cada vez hai máis poboación española no exterior (2.406.611 persoas, producíndose un aumento dos inscritos entre 2009 e 2017 de 934.920 persoas), pero con todo cada vez están menos protexidos e teñen menos dereitos.

O sindicato demanda recuperar o dereito á asistencia sanitaria nos casos de ausencias do territorio nacional superiores a 3 meses; facilitar o acceso á nacionalidade española de quen non puideron facelo a través da Lei de Memoria Histórica;

un orzamento adecuado para políticas destinadas á poboación española no exterior; e resolver xa, mediante unha negociación real, a precaria situación do persoal laboral do servizo exterior en cuestión de emprego e de Seguridade Social.

Segundo o informe de UGT "Poboación española no estranxeiro", elaborado a partir dos datos do Padrón de Españóis Residentes no Estranxeiro (PERE), a un de xaneiro de 2017, hai 2.406.611 persoas de nacionali-



dade española no estranxeiro inscritas no Rexistro de Matrícula consular correspondente. Entre os anos 2009 e 2017 os inscritos aumentaron en 934.920 persoas.

UGT ADVIRTE QUE CAMBIAR A DENOMINACIÓN DOS ORGANISMOS NON IMPLICA CAMBIO DE POLÍTICAS

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores considera innecesario e fóra de lugar o cambio de denominación do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) polo de Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo, aprobado o pasado venres polo Consello de Ministros.

Para UGT, este cambio, que supón unha excepción na contorna europea e internacional en materia de prevención de riscos laborais, pode supoñer a liberación da obrigación empresarial de garantir a seguridade e saúde dos traballadores, responsabilizando aos empregados da súa propia saúde laboral e pode contribuír a confundir condicións laborais con vida saudable e saúde laboral con saúde pública.

No contexto dunha economía que crece actualmente a un ritmo do 3% espérase que incremente o benestar dos traballadores, sobre todo cando os esforzos desa recuperación recaeron case exclusivamente sobre os seus ombreiros en forma de recortes sociais e de dereitos.

Con todo, as condicións de traballo



INSTITUTO NACIONAL DE SEGURIDAD E HIGIENE EN EL TRABAJO

son cada vez máis precarias:

A taxa de paro de España é a segunda máis alta da Unión Europea, despois de Grecia, e a metade dos traballadores parados non percibe ningunha prestación por desemprego.

A remuneración total dos asalariados sitúase máis de catro puntos por baixo do nivel pre-criese, mentres que os beneficios empresariais incrementáronse seis puntos.

A temporalidade no emprego cada vez é maior, menos do 10% dos contratos de traballo que se realizan son indefinidos e, destes, o 42% o son a tempo parcial.

Os contratos temporais cada vez son de menor duración, un de cada catro o son de menos de sete días. O 36% dos contratos son a tempo parcial.

Ante esta realidade, UGT esixe que o benestar no traballo tradúzase en mellores condicións laborais e menores riscos para a seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras.

Por iso, o sindicato reclama o reforzamento deste órgano científico técnico especializado en materia de seguridade e saúde no traballo, que perdeu desde decembro de 2011 o 30% dos seus recursos humanos e cuxa labor é esencial na análise das condicións laborais e a promoción e apoio á mellora das mesmas.

DEFENDER O MUNDO RURAL É DEFENDER AO CONXUNTO DO PAÍS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que "defender o mundo rural é defender ao conxunto do país. As súas necesidades son as nosas tamén e a calidade de vida do mundo rural ten moito que ver coa calidade de vida que podemos ter nas grandes cidades".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións durante a clausura do acto de presentación do Anuario 2017 da Unión de Pequenos Agricultores e Gandeiros (UPA-UGT), que contou coa intervención, ademais, do secretario xeral de UPA-UGT, Lorenzo Ramos, e a ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.

No acto, Álvarez agradeceu o traballo da organización en todo o país. "Un traballo que require esforzo e paixón e polo que se dá ao sindicato un carácter integral. A organización non só está nos grandes centros industriais e nas pemes ou os servizos, senón tamén nunha parte do país que



padece moito para sacar unha renta e manter ao país equilibrado social e economicamente. Os grandes axentes ambientais deste país sodes os agricultores".

No acto, no que se realizou a entrega dos Premios Orgullo Rural 2017, os premios do concurso de fotografía do Mundo Rural 2017 e os Premios da Fundación de Estudos Rurais 2017, Álvarez considerou que "non foi un ano fácil para o mundo rural e traballar polos agricultores, ase-

sorarlles e facerlle a vida máis fácil é un traballo encomiable que sen UPA-UGT non se podería facer".

Por iso, reclamou a necesidade de "defender o mundo rural", manifestou, "as posibilidades de que as novas xeracións poidan acceder a este espazo forma parte das necesidades de todo o país. Por iso, é necesaria unha política integral dedicada ao mundo rural e pensada para o conxunto dos cidadáns de todo o país".